



BOP

LUNS, 25 DE AGOSTO DE 2025

N.º 194

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (SERVIZO DE DEPORTES)

Anuncio

SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2025. ACORDO DE CONCESIÓN DEFINITIVA.

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 18 de xullo de 2025, acordou:

Primeiro. Aprobar o acordo de concesión provisional de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, anualidade 2025, de acordo aos criterios xerais para a valoración das solicitudes reflectidos na base 6 e ao previsto na base 7 respecto do importe e cálculo da subvención das bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan na listaxe que se achega anexada á acta da Comisión de avaliación.

Segundo. O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Terceiro. Notificar o presente acordo provisional aos interesados de acordo ao previsto na base 10 da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

De acordo co punto 10. Acordos de concesión e notificacións, Acordo de concesión provisional, das bases da convocatoria, procedeuse á publicación no BOP núm. 168, do mércores, 23 de xullo de 2025 (**Acordo provisional concorrencia competitiva 2025 (páx.2, R.2114)** da notificación aos interesados do acordo de concesión provisional, concedéndolles un prazo de dez (10) días hábiles a contar a partir do día seguinte ao da publicación no BOP para a presentación de alegacións. O referido anuncio tamén se publicou na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org

En consecuencia e en aplicación do referido acordo e das previsións recollidas nas bases da convocatoria, o acordo de concesión provisional da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 18 de xullo de 2025, terá carácter definitivo por finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e, en consecuencia, procédese á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. O referido anuncio tamén se publicará na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org

Ao abeiro do previsto no punto 10. *Acordos de concesión e notificacións*, das Bases da convocatoria e do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o acordo de concesión definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP. Así mesmo, o citado acordo publicárase na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

O que se notifica aos efectos oportunos. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co previsto no punto 21. *Réxime de recursos* das Bases da convocatoria, e do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 20 de agosto de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 25-06-2025 O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2387

GOBERNO DE ESPAÑA

DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA. ÁREA DE INDUSTRIA E ENERXÍA

Anuncio

Anuncio del Área Funcional de Industria y Energía de la Delegación del Gobierno en Galicia por el que se publica el Acuerdo de 22 de julio del citado Área Funcional de ampliación del plazo de presentación de alegaciones dentro del trámite de Información Pública (IP) de la solicitud de autorización administrativa previa (AAP) y el estudio de impacto ambiental (EIA), del parque eólico «MURACAIS» de 52,8 MW de potencia instalada, y su infraestructura de evacuación, en los términos municipales de Castroverde, Baleira y A Fonsagrada (Provincia de Lugo), promovido por la mercantil «ANTILA SOLAR S.L.U.» Referencia del expediente: PEol-921.

ANTECEDENTES DE HECHO

Único: Con fecha de presentación del **1 de julio de 2025**, se ha recibido en la Delegación del Gobierno en Galicia solicitud de ampliación del plazo del trámite de información pública por parte de la entidad ASOCIACION PARA A DEFENSA ECOLOXICA DE GALIZA (ADEGA) con NIF G15044811, en relación con el trámite de Información Pública (IP) de la solicitud de autorización administrativa previa (AAP) y el estudio de impacto ambiental (EIA), del parque eólico «MURACAIS» de 52,8 MW de potencia instalada y su infraestructura de evacuación, en los términos municipales de Castroverde, Baleira y A Fonsagrada, en la provincia de Lugo.

La instalación ha sido promovida por la mercantil «ANTILA SOLAR S.L.U.», con NIF B09791583 y con código de expediente **PEol-921**.

En su virtud y de acuerdo con los siguientes,

HECHOS

Primero: Con fecha **10 de junio de 2025** se publicó en el BOE núm. 139, y posteriormente en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo núm. 141 de **21 de junio de 2025**, el Anuncio de 5 de junio de 2025 del Área Funcional de Industria y Energía de la Delegación del Gobierno en Galicia, por el que se somete, al trámite de Información Pública (IP), la solicitud de autorización administrativa previa (AAP) y el estudio de impacto ambiental (EIA), del parque eólico «MURACAIS» de 52,8 MW de potencia instalada, y su infraestructura de evacuación, en los términos municipales de Castroverde, Baleira y A Fonsagrada (Provincia de Lugo), promovido por la mercantil «ANTILA SOLAR S.L.U.» y Referencia del expediente: PEol-921.

Segundo: Con fecha del **1 de julio de 2025**, se ha recibido en la Delegación del Gobierno en Galicia solicitud de ampliación del plazo del trámite de información pública por parte de la entidad ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA), con NIF G15044811, a la que se ha hecho referencia anteriormente.

FUNDAMENTOS DE DERECHO

Primero.- Conforme dispone el artículo 128 del Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica, corresponde a la Dirección General de Política Energética y Minas del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico resolver y notificar la resolución de autorización administrativa previa del proyecto de instalación del Parque eólico «Muracais» de 52,8 MW de potencia instalada, y su infraestructura de evacuación, en los términos municipales de Castroverde, Baleira y A Fonsagrada, en la provincia de Lugo.

Por su parte, corresponde a la Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental, la resolución de los procedimientos de evaluación de impacto ambiental de proyectos de competencia estatal, de acuerdo con el artículo 8.1 b) del Real Decreto 503/2024, de 21 de mayo, por el que se desarrolla la estructura orgánica básica del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, y se modifica el Real Decreto 1009/2023, de 5 de diciembre, por el que se establece la estructura orgánica básica de los departamentos ministeriales.

De conformidad con lo previsto en el artículo 53.1.a) de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del Sector Eléctrico, la tramitación de ambos procedimientos (AAP y DIA) se efectúa de manera conjunta.

El artículo 36 de la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental, indica que el proyecto y el estudio de impacto ambiental serán sometidos a información pública durante un plazo no inferior a treinta (30) días hábiles.

Le corresponde a esta Área Funcional de Industria y Energía de la Delegación del Gobierno en Galicia, en virtud de lo dispuesto en el artículo 113 del Real Decreto 1955/2000 y en la Orden de 7 de noviembre de

1997 por la que se desarrolla el Real Decreto 1330/1997, de 1 de agosto, de Integración de Servicios Periféricos y de Estructura de las Delegaciones del Gobierno, que actúa sobre las provincias de Lugo y A Coruña, la condición de unidad tramitadora de los procedimientos administrativos iniciados.

Segundo.- El artículo 32 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, establece que la Administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos, que no exceda de la mitad de los mismos, si las circunstancias lo aconsejan y con ello no se perjudican derechos de terceros.

Tercero.- La solicitud presentada fundamenta la petición de ampliación de plazo en la complejidad del proyecto expuesto a información pública, en el que se advierten errores de importancia que deben ser revisados con mayor detenimiento y, además, toda vez que la época en la que se hizo público coincide con la estival.

Analizados los motivos reseñados y conforme a la normativa citada y demás normativa de aplicación, se considera pertinente acceder a la solicitud que no se considera que afecte sustancialmente a los plazos de tramitación y resolución del expediente que, en efecto, revisten cierta complejidad.

Por todo ello, en uso de las atribuciones para la tramitación del procedimiento conferidas en la normativa anteriormente reseñada

ACUERDO

Primero.- Ampliar en **quince (15) días hábiles** el plazo de presentación de alegaciones dentro del trámite de información pública del proyecto de la instalación citada.

Segundo.- Notificar el presente acuerdo al solicitante, al promotor, al órgano sustantivo, y ordenar su publicación tanto en el Boletín Oficial del Estado como en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, así como en la página web del Ministerio de Política Territorial y Memoria Democrática, en la página de la Delegación del Gobierno en Galicia, dentro del apartado "Procedimientos de información pública" en "Proyectos, Campañas e Información".

De conformidad con lo establecido en el artículo 32.3 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, los acuerdos sobre ampliación de plazos o sobre su denegación no serán susceptibles de recurso, sin perjuicio del procedente contra la resolución que ponga fin al procedimiento.

A Coruña, 24 de julio de 2025.- El Director del Área de Industria y Energía, Francisco Javier Filgueira Rodríguez.

R. 2388

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira en data 20/08/2025 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes **ó 4º bimestre do 2025**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/09/2025 e 31/10/2025 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/09/2025. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento **(no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia)** e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 20 de agosto de 2025.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2389

BEGONTE

Anuncio

Por resolución de Alcaldía, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de xullo de 2025 do servizo de axuda no fogar a través da lei de dependencia por un importe de 6.064,30 € e o programa básico de axuda no fogar por un importe de 115 €.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 19 de agosto de 2025.- O Alcalde, D. José Ulla Rocha.

R. 2390

GUNTÍN

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía de 18 de agosto de 2025, prestouse aprobación inicial ao Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao cuarto bimestre do ano 2020.

Exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interporse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre. Alcalde-Presidente do Concello de Guntín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 18 de agosto de 2025 ata o 17 de outubro de 2025. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Guntín, 18 de agosto de 2025.- O Alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 2391

LUGO

Anuncio

A través do Decreto número 6608/2025 de 2 de xullo de 2025, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de centro de día correspondente ao **segundo trimestre de 2025**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197 Lugo, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día **14 de xullo ata o día 14 de agosto de 2025** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 3 de xullo de 2025.- A Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social, Olga López Racamonde.

R. 2381

Anuncio

A través do Decreto número **7242/2025** aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondentes ao **segundo trimestre de 2025**, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día **5 de agosto ata o día 5 de setembro de 2025** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 24 de xullo de 2025.- A Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social, Olga López Racamonde.

R. 2382

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DE INMOBLES DO CONCELLO DE LUGO E APERTURA DUN PERÍODO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

Faise público que o Pleno do Concello de Lugo, en sesión ordinaria do 31.07.2025, adoptou o Acordo núm. 3/106, de aprobación inicial da ordenanza de conservación e rehabilitación de inmobles e dispuxo a apertura dun período de información pública e audiencia.

En cumprimento deste acordo, durante un prazo de trinta (30) días hábiles seguintes á publicación deste anuncio, calquera persoa interesada poderá examinar o contido da ordenanza e presentar as reclamacións e suxestións que considere oportunas, a través dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, publicarase o texto da ordenanza na sede electrónica municipal (www.concellodelugo.gal) para os efectos anteditos.

O texto íntegro da ordenanza é o seguinte:

“ORDENANZA DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DE INMOBLES

Preámbulo

A Ordenanza municipal reguladora do Rexistro municipal de soares e edificacións que compre rehabilitar (BOP núm. 243, do 23 de outubro de 2009), e a Ordenanza sobre conservación, rehabilitación e estado ruinoso das edificacións (BOP núm. 243, do 23 de outubro de 2013), foron aprobadas ao abeiro da derogada Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Desde a aprobación das referidas ordenanzas municipais tiveron lugar importantes cambios legislativos: Texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, aprobado por Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro; Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro; Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia; e Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios. Estes cambios normativos obrigan a interpretar as ordenanzas municipais en conxunción coas normas legais e regulamentarias de superior xerarquía para determinar que partes entran en contradición ou deben entenderse derogadas de forma tácita. Estes cambios fan imprescindible abordar de forma inmediata a elaboración dunha nova norma que dote de seguridade xurídica aos procedementos que se tramitan nesta materia.

Así mesmo, cómpre dar solución ás incidencias que se producen na tramitación ordinaria destes procedementos, motivadas non só polos cambios normativos, senón tamén por diversas disfuncións derivadas do elevado volume de denuncias e solicitudes que se reciben que non van acompañadas da documentación necesaria, do incumprimento reiterado das ordes de execución, do perigo de perda dos valores patrimoniais de edificios catalogados, da pretensión de utilización destes procedementos para abordar cuestións que pertencen ao ámbito do dereito privado, e outras disfuncións que dificultan acadar a eficacia e eficiencia no exercicio das competencias municipais nesta materia.

Os obxectivos principais que se perseguen coa elaboración da nova ordenanza son:

- Favorecer o acceso a unha vivenda digna e adecuada.
- Promover a conservación do patrimonio construído.
- Refundir nunha soa ordenanza municipal a regulación do deber de edificación, de conservación e de rehabilitación.
- Adaptar as ordenanzas municipais á normativa estatal e autonómica vixentes na actualidade.
- Simplificar e axilizar a tramitación dos procedementos.
- Establecer unha orde de prioridades na tramitación, en función do tipo de afectación do inmovble e dos valores merecedores de protección do patrimonio cultural.
- Regular as ordes de execución das obras de conservación necesarias e as medidas aplicables no caso de incumprimento das ordes, en particular, a expropiación, venda ou substitución forzosas.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

Esta Ordenanza ten por obxecto regular os deberes de conservación, edificación e rehabilitación no termo municipal de Lugo, coa finalidade de favorecer o acceso a unha vivenda digna e adecuada e de conservar o patrimonio construído.

Artigo 2. Competencia.

A competencia para iniciar e resolver os procedementos relativos ao cumprimento dos deberes de conservación, edificación e rehabilitación corresponde á persoa titular da Alcaldía.

Artigo 3. Persoas obrigadas.

1. O deber de conservación, edificación e rehabilitación regulado nesta Ordenanza recae nas persoas propietarias dos terreos, construcións, edificios e instalacións.

No caso de edificios en réxime de propiedade horizontal, a responsabilidade recaerá sobre a comunidade de propietarios se a obriga se refire a elementos comúns.

2. Consonte o disposto na normativa reguladora do procedemento administrativo común, no suposto de que a propiedade e/ou as persoas que actúan na representación desta estean incluídas entre os suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos coas administracións públicas, os escritos e documentos que acheguen aos procedementos regulados nesta Ordenanza deberán presentalos nun rexistro telemático e ser asinados con certificado de sinatura electrónica. De igual modo, todas as notificacións que se lles dirixan a estas persoas nestes procedementos efectuaranse de forma exclusiva por medios electrónicos, a cuxo efecto enviaráselles o aviso da súa posta a disposición na sede electrónica do Concello de Lugo ao enderezo de correo electrónico que conste no expediente.

3. A declaración administrativa de ruína ou a adopción de ordes de execución pola Administración non eximirá ás persoas propietarias das responsabilidades de toda orde que puideran serlles exixidas por negligencia nos deberes de conservación que lles correspondan.

Artigo 4. Prioridades.

A intervención municipal dará preferencia á solución dos problemas de seguridade, a fin de preservar a integridade física das persoas e dos bens, e á conservación dos inmobles catalogados coa finalidade de preservar o patrimonio cultural construído.

TÍTULO II

Deberes das persoas propietarias de inmobles

CAPÍTULO I

Deber de conservación e de rehabilitación

Artigo 5. Contido do deber de conservación.

1. As persoas propietarias das construcións, edificios e instalacións deberán mantelos en condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade e ornato público e decoro, realizando os traballos e obras precisas para conservalos, a fin de manter en todo momento as condicións requiridas para a habitabilidade ou uso efectivo.

Para estes efectos, enténdese por condicións de:

a) Seguridade: aquelas que garantan que non exista risco para as persoas nin para os bens, tanto respecto do propio inmovible coma respecto aos lindeiros e en particular cara á vía pública.

b) Salubridade: aquelas que garantan a estanquidade nas fachadas e cubertas dos edificios e o correcto estado das instalacións de fontanería e saneamento do inmovible, en tal forma que se asegure a súa aptitude para servir ao uso ao que se destinan.

c) Accesibilidade universal dos accesos, escaleiras, pavimentos, varandas, pasamáns, ascensores e demais elementos de comunicación horizontal ou vertical existentes no edificio ou construción.

d) Ornato público e decoro: aquelas que garantan que as fachadas e en xeral os elementos de peche cara á vía pública manteñan un estado tal que non afecte negativamente á imaxe urbana, polo que se deberá manter adecentada, mediante limpeza, pintura, reparación ou reposición dos seus materiais de revestimento.

2. No caso de bens inmobles catalogados, as persoas propietarias tamén están obrigadas a conservalos, mantelos e custodialos debidamente para evitar a súa perda, destrución ou deterioración.

3. Para os soares e parcelas vacantes en solo urbano, o deber de conservación inclúe:

a) A obrigación de valado ou cerramento da parcela.

b) A obrigación de mantelos nas debidas condicións de limpeza e salubridade, eliminando elementos e situacións que podan xerar riscos.

Artigo 6. Contido do deber de rehabilitación.

As persoas propietarias de inmobles catalogados teñen o deber de rehabilitalos a fin de recuperar ou mellorar as condicións de habitabilidade e o uso efectivo, incluíndo os traballos e obras necesarias para satisfacer os requisitos básicos da edificación establecidos na normativa aplicable.

Artigo 7. Alcance dos deberes de conservación e rehabilitación.

1. O deber de conservación e de rehabilitación a cargo das persoas propietarias alcanza ata o importe correspondente á metade do valor actual de construción dun inmovible de nova planta, equivalente ao orixinal en relación coas características construtivas e a superficie útil, realizado coas condicións necesarias para que a súa ocupación sexa autorizable ou, de ser o caso, quede en condicións de ser destinado legalmente ao uso que lle sexa propio.

2. As actuacións de rehabilitación ordenadas pola administración, cando superen o límite do deber legal de conservación, realizaranse por un convenio coas persoas titulares afectadas e, no seu defecto, nos supostos de non-avanza por parte das ditas persoas ou por estas non compareceren, pola aplicación do réxime de venda ou substitución forzosas ou pola expropiación forzosa.

No caso de que existan persoas propietarias que estean de acordo coa administración para a formalización do pertinente convenio voluntario de xestión, a administración actuante poderá optar entre a formalización do convenio ou a aplicación do réxime de venda ou substitución forzosas ou de expropiación forzosa.

Artigo 8. Medidas de fomento.

Para facilitar o cumprimento dos deberes de conservación e de rehabilitación, poderanse establecer axudas públicas reguladas nas correspondentes convocatorias conforme á normativa aplicable en materia de subvencións.

CAPÍTULO II**Deber de edificar***Artigo 9. Prazos para emprender a edificación.*

1. As persoas propietarias de soares sen edificar e de construcións e edificios en estado de ruína deberán emprender a edificación nos prazos e condicións establecidos no planeamento urbanístico.

O deber de edificar inclúe o deber das persoas propietarias de rematar as edificacións para cuxa execución obtiveron a preceptiva licenza.

2. No caso de edificacións catalogadas, o deber de edificar entenderase como deber de rehabilitar evitando a perda, destrución ou deterioración dos elementos dotados de protección.

3. No solo urbano consolidado o prazo para cumprir o deber de edificar computarase desde a aprobación definitiva do planeamento urbanístico que conteña a ordenación detallada. No caso de que os terreos non reúnan a condición de soar, o deber de edificar inclúe a obriga de ceder os terreos fora de aliñacións e de completar a urbanización para que os terreos alcancen a condición de soar.

No solo urbano non consolidado e no solo urbanizable o prazo para o cumprimento do deber de edificar comezará a contarse desde a conversión dos terreos en soares.

4. No caso de edificacións en estado de ruína, o prazo para emprender a edificación contarase a partir da declaración firme de ruína.

Artigo 10. Especialidades.

1. Non se consideran incluídos no deber de emprender a edificación os terreos cualificados como equipamento comunitario.

2. A administración poderá conceder prórrogas a pedimento das persoas interesadas, por causas xustificadas e de forma motivada.

CAPÍTULO III**Ordes de execución***Artigo 11. Ordes de execución.*

A Administración municipal poderá ditar ordes de execución que obriguen ás persoas propietarias de inmoables a realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes de edificación, conservación ou de rehabilitación.

Artigo 12. Iniciación do procedemento.

1. O procedemento para ditar ordes de execución poderá iniciarse de oficio ou por solicitude de persoa interesada.

2. A denuncia deberá expresar a identidade da persoa que a presenta e os seguintes datos e documentos:

a) A localización concreta do inmovible, especificando o seu enderezo completo e a referencia catastral.

b) A determinación das deficiencias denunciadas así como a súa localización no inmovible, incluíndo en todo caso fotografías en cor.

3. Cando o procedemento se inicie por solicitude dunha persoa interesada, deberá achegarse o documento ou documentos que acrediten a relación da persoa solicitante co inmovible, e ademais, os datos e documentos indicados nas letras a) e b) da alínea anterior.

4. Con carácter previo ao inicio do procedemento, a Administración municipal poderá levar a cabo as actuacións necesarias para coñecer e valorar as circunstancias do caso concreto e, en función do seu resultado, decidir motivadamente sobre a conveniencia de iniciar o procedemento. Estas actuacións poderán consistir en inspeccións e informes técnicos sobre o estado do inmovible.

Artigo 13. Inspección.

As persoas propietarias dos inmoables e, se é o caso, as ocupantes, teñen o deber de facilitarlle ao persoal técnico municipal as labores de inspección.

Artigo 14. Informes técnico e xurídico.

O informe técnico sobre o estado do inmovible conterá os seguintes extremos:

- a) A localización do inmovible afectado e a súa referencia catastral.
- b) A súa situación urbanística, determinando se o inmovible está suxeito a algún réxime de protección ou se está en situación de fóra de ordenación.
- c) A descrición dos danos ou deficiencias que se aprecien relativas ao regulado nesta Ordenanza.
- d) As actuacións necesarias encamiñadas a emendar os danos ou deficiencias detectadas no inmovible ou a súa rehabilitación e, se é o caso, a determinación das medidas de seguridade que se deban adoptar con carácter urgente.
- e) A indicación do prazo de execución dos traballos e obras.
- f) A indicación de se a execución desas actuacións precisa proxecto técnico e/ou dirección facultativa.

Unha vez emitido o informe técnico, deberá emitirse informe xurídico polo servizo correspondente.

Artigo 15. Autorizacións previas.

Non se poderá ditar orde de execución de obras de conservación sen a autorización previa que resulte preceptiva por razón dos réximes especiais de protección que afecten ao inmovible de que se trate, agás no caso das medidas excepcionais de protección necesarias cando exista perigo inmediato de que se poidan producir danos ás persoas ou perigo inminente de derrubamento da edificación.

Artigo 16. Audiencia.

Instruído o procedemento e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, comunicarse ás persoas interesadas para que no prazo de dez días poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes, agás que houbese risco na demora por requirirse medidas de seguridade, en cuxo caso, actuarase conforme ao previsto nos artigos 21 e 22 desta Ordenanza.

Artigo 17. Resolución.

1. A resolución conterá a determinación concreta das obras e actuacións que se deben realizar para cumprir os deberes de edificación, conservación e rehabilitación conforme as condicións establecidas na lexislación e no planeamento urbanístico. Así mesmo deberá fixar o prazo para o cumprimento voluntario pola persoa propietaria do ordenado, que se determinará en razón directa da importancia, volume e complexidade das obras que hai que realizar.

A orde de execución determinará se a entidade das obras exige proxecto técnico e/ou dirección facultativa, así coma o título habilitante necesario.

2. As ordes de execución deberán advertir que o seu incumprimento habilita a Administración municipal para executar forzosamente a orde incumplida mediante a imposición de multas coercitivas ou, a execución subsidiaria a cargo das persoas obrigadas.

Artigo 18. Prazo para resolver.

O prazo máximo para ditar e notificar a orde de execución será de seis meses desde o acordo da súa iniciación de oficio ou, no caso de iniciarse por solicitude de persoa interesada, desde a recepción da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

Transcorrido o prazo indicado sen que se notificase resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento iniciado de oficio, sen prexuízo de poder iniciarse un novo procedemento no caso de persistir o obxecto que motivou a tramitación do expediente.

Nos procedementos tramitados por solicitude de persoa interesada, o vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución expresa lexítima á interesada que deducise a solicitude para entendela estimada por silencio administrativo.

Artigo 19. Cumprimento das ordes de execución.

1. As ordes de execución deberán cumprirse nos seus propios termos.
2. A emisión das ordes de execución non exime da obriga de obter o título habilitante municipal que resulte preceptivo en función da actuación que se teña que desenvolver.
3. O cumprimento das ordes de execución deberá acreditarse mediante a presentación da documentación que na propia orde se especifique en función da entidade das obras que se deban realizar, incluíndo en todo caso fotografías en cor.

No suposto de que se ordenara a execución de medidas ou traballos baixo a dirección de persoal técnico competente, non se entenderá cumprida a orde en tanto non se achegue o correspondente documento técnico acreditativo.

Sobre a base desta documentación, poderá efectuarse unha inspección de comprobación do cumprimento do ordenado.

Artigo 20. Prazos

1. As persoas obrigadas poderán solicitar, por razóns xustificadas, unha prórroga dos prazos establecidos pola resolución da orde de execución, se as circunstancias da obra o exixen.
2. Tanto a petición das persoas obrigadas coma a decisión sobre a prórroga deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. Transcorrido o prazo sen decisión expresa sobre a solicitude de prórroga, entenderase desestimada.

Artigo 21. Orde de execución de medidas de seguridade.

Nos supostos nos que da documentación achegada ou da inspección realizada se desprenda a existencia dunha situación de risco, ordenaranse as medidas de seguridade que se estimen oportunas para evitalo sen necesidade de axustarse á tramitación establecida nos artigos anteriores, prescindindo do trámite de audiencia previa.

Artigo 22. Actuacións urxentes.

1. Se un servizo municipal apreciase a existencia dun perigo grave e inminente, adoptará as medidas que estime xustificadamente necesarias para evitalo, sen necesidade de tramitar o expediente; medidas das que se dará conta mediante informe ao servizo competente para a apertura do correspondente expediente.
2. As ditas medidas serán as que tecnicamente se consideren imprescindibles para evitar o perigo inmediato, e poderán consistir en desaloxos dos ocupantes, clausura de inmobles ou partes destes, apeos, apuntamentos, demolicións ou outras análogas; debendo observarse, en calquera caso, o principio de mínima intervención.
3. As actuacións referidas nos números precedentes serán a cargo da propiedade do inmovble.
4. As ordes verbais que emita o persoal técnico municipal no exercicio das súas funcións nestas actuacións serán executivas tras a súa emisión, computando o prazo para o seu cumprimento desde ese momento, sen prexuízo da súa posterior confirmación formal en acordo expreso que ratifique a necesidade da medida.

Artigo 23. Actuacións en restos de edificacións.

No caso de que o obxecto da orde sexa a demolición de restos de edificacións que polo seu estado xa non constitúan un inmovble, non será precisa a tramitación dun procedemento de ruína, senón que se ditará a orde de execución conforme ao previsto neste capítulo, incluíndo o requirimento do correspondente título habilitante para a dita demolición. Nos casos nos que o servizo técnico municipal aprecie que concorre algunha situación de perigo, só se exixirá o nomeamento dunha dirección técnica competente para a execución da demolición ordenada.

Artigo 24. Execución forzosa.

1. No caso de incumprimento da orde de execución, a administración municipal procederá á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75 % do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo.
2. A Administración municipal tamén poderá acudir, en calquera momento, á execución subsidiaria das medidas de seguridade por conta da persoa obrigada. O importe dos gastos e dos danos e perdas poderase liquidar de forma provisional, antes da execución, por conta da liquidación definitiva.

TÍTULO III**Ruína***Artigo 25. Declaración de ruína.*

Cando algunha construción ou parte dela estea en estado ruinoso, o concello, de oficio ou por instancia de calquera persoa interesada, declarará esta situación e acordará a total ou parcial demolición, ou o procedente

para garantir a seguridade, logo da tramitación do oportuno expediente contradictorio con audiencia das persoas propietarias e das moradoras, agás inminente perigo que o impida.

Artigo 26. Ruína económica.

Procederá a declaración de ruína económica cando polos danos que presenta o inmovible o custo económico das obras necesarias de reparación, exceda da metade do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares en canto á súa dimensión, uso e calidade, empregando a tecnoloxía e materiais actuais, excluído o valor do solo.

Para os efectos de determinar se o custo económico das obras de reparación necesarias excede da metade do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, empregarase a seguinte fórmula:

$$Pr = (Cr \times 100) / Va$$

Onde:

Pr: é a porcentaxe que sobre o valor do inmovible supón o custo de reparación.

Cr: é o custo das obras de reparación necesarias, cuantificado por aplicación das obras a realizar tendo en conta a base de datos da construción de Galicia.

Va: é o valor de reposición a novo da construción, que se obterá en función do módulo básico de construción (MBC) aplicable ao municipio de Lugo ao que se refiren as normas técnicas de valoracións e cadro marco de valores para determinar o valor catastral dos bens inmovibles de natureza urbana, corrixido pola aplicación do cadro de coeficientes do valor das construcións de acordo co seu uso, clase, modalidade e categoría contido nas citadas normas, publicadas no Boletín Oficial do Estado.

Se no momento de efectuar a valoración transcorrese máis dun ano desde aquel no que se aprobou o último módulo básico de construción sen que se actualizase, corrixirase este por aplicación do índice de custos do sector da construción publicado polo órgano da Administración competente polos anos completos transcorridos.

Artigo 27. Ruína técnica.

Procederá a declaración de ruína técnica cando o edificio presente un esgotamento xeneralizado dos elementos estruturais fundamentais, ou algún dos seus elementos ou materiais presenten danos que comprometan a súa estabilidade, e a súa recuperación non sexa posible polos medios técnicos normais, é dicir, os de uso común ou frecuente para executar as obras de reparación de que se trate.

Considerarase que un edificio presenta un esgotamento xeneralizado dos elementos estruturais fundamentais cando estes non admiten consolidación ou reforzo e sexa necesario substituílos ou reconstruílos nunha extensión tal que afecten o funcionamento normal do inmovible.

Para este efecto, terán a consideración de elementos estruturais fundamentais os que teñen unha función portante e resistente que garanta a estabilidade do inmovible, así como a cuberta, os cerramentos exteriores e os elementos comúns de acceso e uso do inmovible.

Artigo 28. Ruína parcial.

Nos casos nos que a edificación estivese constituída por dúas ou máis corpos independentes ou autónomos, arquitectonicamente separados e susceptibles de consideración illada, poderase declarar a ruína parcial dos corpos construtivos afectados. Para estes efectos, considerarase que unha parte é independente ou autónoma cando resulte posible a súa demolición sen repercutir no estado físico normal e íntegro da parte non afectada do inmovible.

Artigo 29. Iniciación do procedemento.

1. O procedemento para a declaración de ruína poderá iniciarse de oficio ou a instancia da persoa interesada.

2. Cando o procedemento se inicie a instancia de persoa interesada, acompañaranse os seguintes documentos:

- a) Datos de identificación do inmovible, certificación catastral e plano de situación.
- b) Certificado do Rexistro da Propiedade da titularidade e cargas.
- c) Relación de persoas moradoras, calquera que sexa o título de posesión, e titulares de dereitos reais sobre o inmovible, se as houber e, de ser o caso, copia dos contratos subscritos pola propiedade con aquelas.
- d) Informe subscrito por facultativo competente no cal constarán, entre outros, os seguintes aspectos:
 - Descrición do estado físico do inmovible, as causas probables do estado de ruína e as obras previsibles necesarias para reparar os danos que presente.
 - Acreditación sobre se, no momento da solicitude, a edificación reúne, ao seu xuízo, condicións de seguridade e habitabilidade suficientes que permitan aos seus ocupantes a permanencia nela ata que se adopte o acordo que proceda.

- Orzamento estimado das obras de reparación necesarias e das correspondentes á construción de nova planta dun inmovible de características similares ao afectado, cando o inmovible ameace ruína económica.

- As medidas que, ao seu xuízo, non admitan demora e que haxa que adoptar para protexer a saúde e a seguridade das persoas e cousas.

e) Se quen solicita a declaración de ruína é a persoa propietaria do inmovible, acreditarase tamén a súa titularidade.

f) Acreditación do pagamento da taxa municipal correspondente.

3. No caso de que tras a revisión da documentación presentada apréciase que esta non se axusta ao establecido neste apartado, efectuarase o correspondente requirimento de corrección, cos efectos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. Cando o expediente de ruína se abra de oficio, tras a presentación dunha denuncia ou pola remisión dun informe doutro servizo, con anterioridade á iniciación do procedemento, o órgano competente poderá levar a cabo as actuacións previas necesarias para coñecer e valorar as circunstancias do caso concreto e, en función do seu resultado, decidir motivadamente sobre a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.

Artigo 30. Tramitación.

1. Iniciado o expediente, porase de manifesto á persoa propietaria, as moradoras e as titulares de dereitos reais sobre o inmovible, no caso de que os houber, dándolles traslado dos informes técnicos para que, no prazo dun mes, aleguen e presenten por escrito os documentos e xustificacións que consideren pertinentes en defensa dos seus respectivos dereitos.

Transcorrido o prazo concedido, os servizos técnicos municipais emitirán ditame pericial no prazo de dez días, logo da inspección do inmovible.

2. Cando no informe técnico presentado pola persoa interesada se alegue existencia de perigo inmediato que poida producir danos ás persoas, ordenarase o antes posible unha inspección técnica e, á vista desta, acordarase o procedente respecto á habitabilidade do inmovible, o desaloxo dos seus ocupantes e a demolición das construcións. A inspección poderá repetirse tantas veces se coide oportuno durante a tramitación do expediente e, unha vez finalizado, se é o caso, ata que conste a adopción das medidas exixibles ou a demolición do inmovible.

3. No caso de inmovibles declarados bens de interese cultural ou catalogados, deberá solicitarse informe preceptivo e vinculante do órgano autonómico competente en materia de patrimonio cultural.

Artigo 31. Informe técnico.

1. Previamente a emisión do informe técnico efectuarase a correspondente inspección a todo o inmovible, para cuxo efecto se citará ás persoas interesadas co fin de que faciliten o acceso.

2. O informe técnico constará dos seguintes extremos:

a) Descrición do inmovible e referencia catastral.

b) Situación urbanística con relación ao obxecto do expediente.

c) Descrición dos danos e deficiencias que presente.

d) No caso da ruína económica, valoración segundo o establecido nesta Ordenanza.

e) Conclusión, na que se faga referencia a se no inmovible concorre algún suposto legal de ruína.

f) Proposta das obras ou medidas que resulten necesarias á vista da devandita conclusión.

Artigo 32. Resolución.

1. A resolución do expediente deberá conter algún dos pronunciamentos seguintes:

a) Declarar o inmovible en estado de ruína, ordenando a súa demolición. Se existe perigo ou risco inminente na demora, o alcalde acordará o procedente respecto ao desaloxo dos ocupantes.

b) Declarar en estado de ruína parte do inmovible, cando esa parte teña independencia construtiva do resto, ordenando, asemade, a súa demolición.

c) Declarar que non hai situación de ruína, ordenando as medidas e obras pertinentes destinadas a manter a seguridade, salubridade e ornato públicos do inmovible de que se trate.

2. De terse acordado a demolición total ou parcial do inmovible, ou calquera outra medida pertinente como a execución de obras, fixarase asemade o prazo no que teña que realizarse. En calquera dos dous casos, a resolución deberá indicar o prazo no que se deberá solicitar a correspondente licenza urbanística.

3. No caso de que da declaración de ruína derive a necesidade de demolición do inmovible, a orde de execución incluírá o requirimento de recollida dos cascallos xerados, o de tratamento e limpeza da superficie do soar ou parcela resultante e, se é o caso, das medianeiras.

4. A orde de execución contida na resolución do procedemento deberá cumprirse nos seus propios termos e condicións.

5. A resolución do procedemento será comunicada, unha vez adquira firmeza en vía administrativa, ao Rexistro da propiedade para a súa constancia por nota á marxe da inscrición de dominio, nota pola cal se liquidará a correspondente taxa de acordo coa Ordenanza fiscal aplicable.

Artigo 33. Medidas de seguridade e/ou actuacións urxentes.

Nos expedientes de ruína abertos de oficio, aplicarase o disposto nos artigos 21 e 22 desta Ordenanza nos supostos nos que sexa necesaria a adopción de medidas de seguridade e/ou a execución de medidas urxentes.

Artigo 34. Prazo para resolver o procedemento.

Non poderá exceder os seis meses o tempo que transcorra desde que se inicie o procedemento de ruína ata que se notifique a declaración pertinente. Transcorrido o prazo indicado sen que se notificase resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento iniciado de oficio, sen prexuízo de poder iniciarse un novo procedemento no caso de persistir o obxecto que motivou a tramitación do expediente.

Artigo 35. Execución forzosa.

No caso de incumprimento do ordenado polo Concello, procederá á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75 % do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo.

TÍTULO IV

Incumprimento do deber de edificación, conservación e rehabilitación

Artigo 36. Consecuencias do incumprimento.

1. De conformidade co disposto na Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, o incumprimento dos deberes de edificación, conservación e rehabilitación de inmobles facultará á administración municipal para a adopción de calquera das seguintes medidas:

- a) Execución forzosa.
- b) Expropiación forzosa por incumprimento da función social da propiedade
- c) Venda forzosa.
- d) Substitución forzosa.

Para a aplicación das medidas previstas nas alíneas b), c) e d) será requisito previo a declaración do incumprimento de que se trate por unha resolución municipal expresa que así o acredite.

Consonte ao artigo 25 da Lei 1/2019, de rehabilitación e rexeneración e renovación urbanas de Galicia, nos supostos de expropiación, venda ou substitución forzosas previstos neste capítulo, o contido do dereito de propiedade do solo será minorado nunha porcentaxe do 25 por cento do seu valor, e esta diferenza corresponderá á administración actuante.

Artigo 37. Procedemento para a declaración do incumprimento.

1. O procedemento para a declaración do incumprimento das obrigas relativas á edificación, conservación e rehabilitación poderase iniciar de oficio ou por solicitude de persoa interesada.

2. No acordo de incoación da declaración do incumprimento incluírase o sistema de actuación elixido pola administración, no caso de que o procedemento se resolva coa estimación de concorrencia de incumprimento.

3. Ao se iniciar o procedemento para a declaración do incumprimento, solicitarase do Rexistro da Propiedade a certificación de dominio e das cargas dos terreos correspondentes, e deberase facer constar nunha nota marxinal o inicio do procedemento para a declaración do incumprimento.

4. O órgano municipal competente acordará a apertura dun trámite de audiencia de 15 días ás persoas propietarias e aos demais titulares de dereitos reais afectados que consten no Rexistro da Propiedade e/ou no Catastro.

5. O prazo para notificar a resolución sobre a declaración do incumprimento será de tres meses a contar desde o acordo de incoación.

6. O procedemento poderase rematar, sen a adopción de ningunha outra medida, no suposto de que a persoa propietaria solicítase a licenza para a realización das obras de conservación ou rehabilitación con anterioridade á notificación da declaración do incumprimento.

No caso de denegación da licenza solicitada ou de transcurso dos prazos caducidade da licenza outorgada, procederase a iniciar un novo procedemento de declaración de incumprimento das obrigas de conservación e rehabilitación.

Artigo 38. Resolución.

A resolución da declaración do incumprimento, que poñerá fin á vía administrativa, deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Será comunicada, mediante unha certificación administrativa, ao Rexistro da Propiedade para a práctica dunha nota marxinal á inscrición do correspondente inmovible.
- b) Incorporará unha valoración dos terreos, das edificacións ou, se é o caso, doutros bens afectados, conforme a normativa estatal do solo e valoracións.
- c) Declarará, segundo proceda, a aplicación da execución subsidiaria, a expropiación forzosa polo incumprimento da función social da propiedade, a venda forzosa ou a substitución forzosa.
- d) Advertirá expresamente se habilita ou non para que o concello inste a declaración do inmovible en estado de abandono prevista na Lei 1/2019, de restauración e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Artigo 39. Expropiación forzosa.

A declaración de incumprimento habilita a administración para exercer a expropiación forzosa polo incumprimento das obrigas relativa a edificación, conservación e rehabilitación, de conformidade coa normativa básica estatal e coa Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Artigo 40. Réxime de venda e substitución forzosa.

1. A venda forzosa e a substitución forzosa teñen por obxecto garantir o cumprimento do deber de edificación, conservación e rehabilitación, mediante a imposición do seu exercicio, a través dun procedemento que garanta o cumprimento dos principios de publicidade e concorrencia.
2. Enténdese por venda forzosa a potestade pública que faculta a administración para proceder á venda dun inmovible a través dun procedemento de poxa pública co obxecto de garantir a súa rehabilitación ou conservación.
3. Enténdese por substitución forzosa a potestade pública que faculta a administración para substituír a persoa titular dun inmovible por outra persoa seleccionada a través dun procedemento con publicidade e concorrencia, para que realice as actuacións de edificación, conservación ou rehabilitación, e pódese realizar en réxime de propiedade horizontal coa persoa propietaria actual do solo.
4. Cando a administración actuante asuma o importe das cantidades imputables a aquelas persoas propietarias de vivendas que non poidan facer fronte ao seu pagamento por caeren en risco de exclusión social, subscribirase un convenio entre a administración actuante e a persoa propietaria, no que quedará reflectida a fórmula de devolución das cantidades asumidas no proceso de substitución e o tipo de xuro aplicable ás cantidades aprazadas, e non será aplicable a minoración do dereito da propiedade prevista neste capítulo.

Artigo 41. Procedemento da venda ou da substitución forzosas.

1. A resolución da declaración de incumprimento determinará, se é o caso, a aplicación da venda ou da substitución forzosas.
2. Cando o procedemento determine a adxudicación por aplicación da venda ou da substitución forzosas, unha vez resolto, a administración actuante expedirá unha certificación da devandita adxudicación, que será un título inscristible no Rexistro da Propiedade, na que se farán constar as condicións e os prazos a que queda obrigada a persoa adquirente, en calidade de resolutorias da adquisición.

Artigo 42. Venda forzosa.

1. A administración actuante, no prazo máximo de seis meses desde a declaración do incumprimento, sacará os inmovibles ou os terreos á poxa pública. O tipo de licitación será o que resulte da valoración do inmovible. O prezo obtido entregarase á persoa propietaria, unha vez deducidos os gastos ocasionados e, de ser o caso, o importe correspondente á redución do dereito da propiedade prevista no artigo 25 da Lei 1/2019, de restauración e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, así como as sancións aplicables.
2. Se a poxa se declara deserta, convocarase de novo no prazo de tres meses, cunha rebaixa do vinte e cinco por cento sobre o tipo de licitación inicial.
3. Se esta última poxa tamén queda deserta, a administración actuante, no prazo de seis meses, poderá adquirila para o patrimonio público de solo ao setenta e cinco por cento do tipo de licitación inicial.
4. Logo de transcorrer os anteriores prazos sen que se producise a venda, quedará sen efecto o procedemento de venda forzosa, e deberá notificarse ao Rexistro da Propiedade para a cancelación da nota marxinal estendida.

Artigo 43. Obrigas da persoa adquirente.

A persoa adquirente de inmovibles polo procedemento sinalado nos puntos 1 e 2 do artigo anterior quedará obrigada a iniciar as obras no prazo de nove meses a partir da toma de posesión do predio e a edificalo no prazo fixado na licenza.

Artigo 44. Substitución forzosa.

No caso de substitución forzosa, as bases do procedemento de adxudicación determinarán os criterios aplicables para a súa adxudicación, as penalizacións e indemnizacións a que houber lugar no caso de incumprimento, a orde de puntuación que establecerá, de ser o caso, a posterior adxudicación e mais a porcentaxe mínima de teito edificado para atribuír á persoa ou ás persoas propietarias do inmovible obxecto da substitución forzosa.

Artigo 45. Obrigas da persoa adxudicataria da substitución forzosa.

A persoa que resulte adxudicataria no procedemento de substitución forzosa deberá cumprir as súas obrigas nos prazos e nos termos establecidos nas bases do procedemento e na resolución de adxudicación. No caso de incumprimentos que dean lugar á resolución da adxudicación, realizarase unha nova adxudicación a favor dos seguintes licitadores ou licitadoras de acordo coa orde de puntuación acadada.

Artigo 46. Redución do contido do dereito de propiedade do solo.

1. Nos supostos de expropiación, venda ou substitución forzosa previstos neste capítulo, o contido do dereito de propiedade do solo poderá ser minorado nunha porcentaxe non superior ao cincuenta por cento do seu valor, e esta diferenza corresponderá á administración actuante, de conformidade co disposto na lexislación básica estatal e na Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

2. Non lles será aplicable a redución prevista no punto anterior ás persoas propietarias das edificacións que non poidan facer fronte ao pagamento das actuacións de edificación, conservación e rehabilitación por caeren no risco de exclusión social debido ás súas limitacións socioeconómicas.

Artigo 47. Inventario.

O Concello elaborará un inventario dos inmovibles respecto dos cales se ditara a resolución de declaración de incumprimento dos deberes de conservación, edificación ou rehabilitación co obxecto de aplicar as medidas de expropiación, venda ou substitución forzosas. Nese inventario farase constar a certificación administrativa da firmeza desa declaración de incumprimento, así como os datos da propiedade e, de ser o caso, das persoas arrendatarias e/ou ocupantes de cuxa identidade se dispoña.

TÍTULO V**Informe de avaliación dos edificios***Artigo 48. Obligatoriedade*

1. Están obrigadas a dispoñer do informe de avaliación do edificio as persoas propietarias únicas de edificios, as comunidades de propietarios e propietarias ou as agrupacións de comunidades de persoas propietarias de edificios que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- a) Os edificios de uso residencial de vivenda colectiva cunha antigüidade de máis de cincuenta anos.
- b) Os edificios catalogados ou declarados bens de interese cultural, independentemente da súa antigüidade e uso.

2. Quedan excluídos da obriga de presentación do informe de avaliación do edificio os inmovibles que teñan declaración firme de ruína.

Artigo 49. Réxime aplicable.

Será de aplicación o disposto no Capítulo II do Título preliminar da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, e o Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios, ou norma que a substitúa.

Disposición adicional

Ás construcións e edificacións realizadas sen licenza urbanística municipal ou sen axustarse ás súas condicións esenciais, están sometidas ao réxime de protección da legalidade urbanística establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Disposición transitoria

Os expedientes en tramitación iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza conservarán os trámites levados a cabo, pero os subseguintes efectuaranse de acordo con ela.

Disposición derogatoria

1. Quedan derogadas as ordenanzas municipais que de seguido se relacionan:

- Ordenanza sobre conservación, rehabilitación e estado ruinoso das edificacións, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 231, do 8 de outubro de 2013.
- Ordenanza reguladora do rexistro municipal de soares e edificacións que cómpre rehabilitar no Concello de Lugo, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 243, do 23 de outubro de 2009.

- Artigo 55 da Ordenanza municipal reguladora da tramitación dos títulos habilitantes de natureza urbanística e das actividades, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 113, do 19 de maio de 2023.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta Ordenanza.”

O que se publica para xeral coñecemento

Lugo, 8 de agosto de 2025.- O concelleiro delegado de Urbanismo, Deportes e Xuventude, Jorge Bustos Atanasio.

R. 2392

Anuncio

Edicto de Exposición ao público

A través do Decreto número 6757/2025 de 4 de xullo de 2025, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondentes ao mes de **XUÑO** de 2025, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: **dende o día 14 de xullo ata o día 14 de agosto de 2025** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 7 de xullo de 2025.- A Tenenta de Alcade Delegada da Área de Cohesión Social, Olga López Racamonde.

R. 2393

A PASTORIZA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 17 de xullo de 2025 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 2025.13 na modalidade de suplemento de crédito núm. 01 por importe de 31.126,69, financiado con cargo ó remanente de tesourería para gastos xerais. Dita modificación orzamentaria foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia número 169 de 24 de xullo de 2025.

Sometido o expediente a trámite de información pública polo prazo de quince días, a contar dende o día seguinte á inserción do anuncio de aprobación inicial para que os interesados puideran examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimaran oportunas, durante o dito prazo de información pública non se presentaron alegación nin reclamacións, polo que se considera a aprobado definitivamente o que se fai publico aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Estado de gastos

CAPITULO	DESCRICIÓN	Consignación antes do expediente de modificación	Aumentos por créditos extraordinarios ou suplementos	Total da consignación resultante
1.	GASTOS DE PERSOAL	727.275,53		727.275,53
2.	GASTOS DE BENS CORRENTES E SERVIZOS	2.562.927,41	30.303,89	2.593.231,30

3.	GASTOS FINANCEIROS	5.000,00		5.000,00
4.	Transferencias correntes	158.706,23		158.706,23
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS			
6.	INVESTIMENTOS REAIS	41.822,00	822,80	42.644,80
7.	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00		0,00
8.	Variación de activos financeiros	0,00		0,00
9.	Variación de pasivos financeiros	17.731,36		17.731,36
	TOTAL	3.513.462,53	31.126,69	3.544.589,22

Estado de ingresos

Aplicación ORZAMENTARIA	Descrición	IMPORTE
870.00	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	31.126,29
TOTAL INGRESOS		31.126,69

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

A Pastoriza, 20 de agosto de 2025.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 2394

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 17 de xullo de 2025 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 2025.14 na modalidade de crédito extraordinario núm. 01 por importe de 22.056,96, financiado con cargo ó remanente de tesourería para gastos xerais. Dita modificación orzamentaria foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia número 169 de 24 de xullo de 2025.

Sometido o expediente a trámite de información pública polo prazo de quince días, a contar dende o día seguinte á inserción do anuncio de aprobación inicial para que os interesados puideran examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimaran oportunas, durante o dito prazo de información pública non se presentaron alegación nin reclamacións, polo que se considera a aprobado definitivamente o que se fai publico aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Estado de gastos

CAPITULO	DESCRICIÓN	Consignación antes do expediente de modificación	Aumentos por créditos extraordinarios ou suplementos	Total da consignación resultante
1.	GASTOS DE PERSOAL	727.275,53		727.275,53
2.	GASTOS DE BENS CORRENTES E SERVIZOS	2.593.231,30		2.593.231,30
3.	GASTOS FINANCEIROS	5.000,00		5.000,00
4.	Transferencias correntes	158.706,23		158.706,23
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS			

6.	INVESTIMENTOS REAIS	42.644,80	22.056,96	64.701,76
7.	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00		0,00
8.	Variación de activos financeiros	0,00		0,00
9.	Variación de pasivos financeiros	17.731,36		17.731,36
	TOTAL	3.544.589,22	22.056,96	3.566.646,18

Estado de ingresos

Aplicación ORZAMENTARIA	Descrición	IMPORTE
870.00	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	22.056,96
TOTAL INGRESOS		22.056,96

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

A Pastoriza, 20 de agosto de 2025.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 2395

A POBRA DO BROLLÓN*Anuncio*

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 20/08/2025, aprobou inicialmente o expediente núm. 433/2025 de modificación de créditos do orzamento do 2025. Dando cumprimento ao preceptuado no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, expónse ao público por prazo de quince días hábiles na secretaría deste Concello que comezará a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas e que deberán dirixirse ao sr. alcalde-presidente deste Concello.

A Pobra do Brollón, 20 de agosto de 2025.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 2396

SARRIA*Anuncio***EXPEDIENTE 1755/2025: DESAFECTACIÓN. APROBACIÓN PROVISIONAL.**

O pleno do Concello de Sarria, en sesión realizada o día 31/07/2025, acordou aprobar provisionalmente a desafectación e polo tanto a alteración da cualificación xurídica do seguinte ben inmovible municipal:

“SOLAR.- Sito no Concello de Sarria, Rúa Greco, 20. Ten unha superficie de Mil cento oitenta e catro metros cadrados e linda: Norte, Antonio Varela Vázquez; Sur, Ana María Santiago López, Antonio Núñez Macia, Javier González López; Este, José Luís López Valcarcel e Oeste, Concello de Sarria.

Descrición do ben segundo título:

Natureza da finca: Urbana e Rústica

Estado da finca: Sen edificar.

Localización: Rúa Greco, 20 no Concello de Sarria 27.600-SARRIA.

Superficies: Mil cento oitenta e catro metros cadrados (douscentos corenta e oito con corenta e un metros cadrados en urbano e novecentos trinta e cinco con cincuenta e nove metros cadrados en rústico)

Colindantes:

Norte, Antonio Varela Vázquez

Sur, Ana María Santiago López , Antonio Núñez Macia, Javier González López

Este, José Luís López Valcarcel

Oeste, Concello de Sarria

Referencia Catastral: 0483027PH3308S0001HL “

En cumprimento do disposto no artigo 8 do R.D. 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de UN MES a contar desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica Municipal: <https://sarria.sedelectronica.es/board>

No devandito prazo, os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non habelas, elevarase automaticamente a definitivo o acordo de aprobación provisional.

Sarria, 20 de agosto de 2025.- O Alcalde, don Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2397

VILALBA

Anuncio

Para os efectos do establecido regulamentariamente, faise público que o Concello Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/07/2025, aprobou o establecemento e “acordo regulador do prezo público pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello de Vilalba”, nos termos nos que figura no expediente e coa redacción que se insire de seguido, con efectos e de aplicación a partir do día seguinte ó da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI) DO CONCELLO DE VILALBA (Ordenanza número 76)

Artigo 1.- Obxecto

En uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/85 reguladoras das bases do Réxime Local e artigos 41 a 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de VILALBA aproba o prezo polo servizo do Punto de Atención á Infancia (0-3) dependentes do Concello de Vilalba, que se rexerá pola presente ordenanza, así como pola citada normativa, e demais que resulte de aplicación.

Artigo 2.- Suxeitos obrigados

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como prezo as/os nais/pais dos nenos e das nenas en situación de alta nos centros sinalados no artigo anterior, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

Artigo 3.- Pagamento

O pagamento das cotas, sen prexuízo do establecido no artigo 5 desta Ordenanza, realizarase mensualmente nos vinte primeiros días do mes seguinte, mediante domiciliación bancaria.

Salvo o disposto no artigo 5 desta Ordenanza, a falta de asistencia da nena ou do neno ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa esixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

Artigo 4. Regras e definicións para a determinación do importe que se vai pagar

Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento dos prezos públicos determinados no anexo desta Ordenanza, teranse en conta as especificacións recollidas no dito anexo. Para os efectos da aplicación do anexo, a renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

- Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:
 - a) Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.
 - b) Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

c) Os/as fillos/as maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

- Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

A documentación anterior poderá ser substituída pola correspondente autorización á Administración con competencia en materia de escolas infantís 0-3 para obter os datos necesarios para determinar os ingresos totais para estes efectos a través da correspondente administración tributaria.

- O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entendese por familia monoparental a que reúna os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia de Galicia. Esta condición acreditarase co certificado emitido polas autoridades autonómicas competentes.

- A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

Artigo 5. Réxime de reserva e suspensión temporal da cota

1. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 2 non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa durante os seguintes períodos:

a) O mes de vacacións anual da/o nena/o. En aqueles casos en que as vacacións sexan desfrutadas por quincenas o desconto farase efectivo cando se teña desfrutado a segunda quincena.

b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais. En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.

2. No caso de ausencias de ata 3 meses debidamente xustificadas, e sendo reservada a praza polo centro nos termos previstos no artigo 31 do Regulamento de réxime interior do Punto de Atención á Infancia respecto do servizo de asistencia educativa, manterase a bonificación do 100 por cen da cota na primeira mensuralidade, debendo ser abonada integramente nas dúas mensuralidades seguintes para a reserva da praza.

Disposición Final

O presente acordo regulador entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

Tarifas

1.- Prezo da atención educativa:

O prezo pola atención educativa en xornada completa no PAI dependente do Concello de Vilalba fíxase en 169,26 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as seguintes reducións:

Renda per cápita	Xornada completa	Media xornada
Ata 30% IPREM	0€/mes	0€/mes
Entre o 30% e inferior ao 50% IPREM	0€	0€
Entre o 50% e inferior ao 75% IPREM	34,91€/mes	17,56€/mes
Entre o 75% e inferior ao 100% IPREM	69,81€/mes	34,91€/mes
Entre o 100% e inferior ao 125% IPREM	112,13€/mes	56,06€/mes
Entre o 125% e inferior ao 150% IPREM	133,29€/mes	66,65€/mes
Entre o 150% e inferior ao 200% IPREM	147,05€/mes	73,52€/mes
Superiores ao 200% IPREM	169,26€/mes	84,63€/mes

2.- Prezo dos servizos complementarios:

1-. Horario ampliado: o prezo mensual de cada hora solta en que se incrementa o horario normal será de 21,16 euros. O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a redución ningunha.

3.- Bonificacións:

Terán unha bonificación do 100% na atención educativa todos os nenos e nenas matriculados na escola con independencia do número de irmáns, nos termos previstos no apartado 7 da disposición Adicional Novena da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Vilalba, 20 de agosto de 2025.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 2398

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – LUGO***Anuncio*

BASES XERAIS REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIONS E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO, PARA A DINAMIZACION ECONOMICA, QUE DESENVOLVEN A SUA ACTIVIDADE NO EIDO DA AREA DE DINAMIZACION ECONOMICA E RELACIONS INSTITUCIONAIS E PARA O EXERCICIO ECONOMICO 2025.

BDNS (Identif.): 852038

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/852038>)

BASES XERAIS REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIONS E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO, PARA A DINAMIZACION ECONOMICA, QUE DESENVOLVEN A SUA ACTIVIDADE NO EIDO DA AREA DE DINAMIZACION ECONOMICA E RELACIONS INSTITUCIONAIS E PARA O EXERCICIO ECONOMICO 2025.

Artigo 1. Obxecto e finalidade.

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencions por parte do Concello de Lugo, Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais, ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro para cofinanciar parcialmente proxectos e/ou actividades desenvolvidas durante o exercicio económico 2025, consideradas de interese para a promoción económica do municipio ou de utilidade pública para o Concello de Lugo no eido do fomento e da dinamización da actividade económica, empresarial, comercial, do emprego e da hostalería no municipio de Lugo.

Preténdese dar soporte ás entidades que leven a cabo proxectos de fomento, sensibilización, formación, información e asesoramento sobre a cultura emprendedora, a dinamización económica, o aproveitamento de recursos, a posta en valor do territorio, o fomento do emprendemento e a creación de emprego no municipio de Lugo. O espírito da presente convocatoria é subvencionar proxectos á marxe da actividade ordinaria da asociación e os devanditos proxectos deberán enmarcarse dentro do ámbito territorial municipal do Concello de Lugo.

Serán subvencionables as actuacións establecidas no artigo 9 baixo a epígrafe “gastos subvencionables”.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencions de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencions, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencions, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencions, as bases de execución do orzamento, Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación.

Artigo 2. Entidades beneficiarias. Requisitos.

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencions as asociacións e entidades sen ánimo de lucro, que tendo a súa sede e domicilio social en Lugo, teñan recoñecidos nos seus fins estatutarios a realización de actividades de fomento da promoción económica, comercio, formación empresarial e para o emprego, empresarial, hostalería e/ou creación de emprego a través de proxectos que pretendan a mellora económica do municipio de Lugo e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no Concello de Lugo.

b) As entidades beneficiarias segundo se trate de asociacións, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro, deberán estar inscritas obrigatoriamente no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo, aínda que poidan figurar no Rexistro de Fundacións do organismo competente ou en calquera outro rexistro público.

c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social.

d) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Ter xustificados debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.

f) Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a persoas e/ou colectivos no eido da promoción económica, impulso e fortalecemento do comercio, formación empresarial e para o emprego, impulso e fortalecemento da hostalaría, creación de emprego, etc.. e que sexan de interese municipal para o desenvolvemento económico do municipio.

g) Desenvolver actividades e/ou programas que complementen a programación de dinamización económica do municipio realizada dende a Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais, Servizo de Desenvolvemento Local.

h) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2025.

i) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva.

j) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016).

Artigo 3. Créditos orzamentarios e contía das subvencións

No orzamento municipal para o exercicio de 2025 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo a continuación se indica:

Servizo

Aplicación orzamentaria

Importe

Desenvolvemento Local- Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais.

24100.48900

16.106€

Subvencionarase ata un máximo do 90% do custo total da acción para a que se solicita a subvención, segundo o orzamento presentado. O importe máximo de subvención por asociación ou entidade sen ánimo de lucro, non poderá exceder da cantidade de 2.000 euros, sen prexuízo de que esta cantidade sexa minorada de oficio polo Concello, tendo en conta as solicitudes que se achegan.

Artigo 4. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o artigo 16.4 a) do mesmo texto legal, con expresa indicación de que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa subsanación a través da presentación electrónica da solicitude. A estes efectos, segundo indica textualmente o mencionado texto legal: “considérase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a subsanación”.

A convocatoria para a concesións das subvencións previstas nas presentes bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O prazo para presentar as solicitudes será de QUINCE DIAS HÁBILES, contados dende o seguinte ao da publicación oficial da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Asimesmo publicaranse as Bases na páxina web do Concello de Lugo (www.concellodelugo.gal) debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo.

Artigo 5. Documentación para achegar coas solicitudes de subvención

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Solicitude, segundo o modelo do ANEXO I, no que se inclúa o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto solicitado, e a autorización ao Concello para comprobar nas diferentes administracións datos tributarios e outras informacións declaradas.

- Fotocopia do NIF/CIF da entidade.

- Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante, así como documento acreditativo desta representación.

- MEMORIA EXPLICATIVA do desenvolvemento do proxecto, cunha relación de gastos e ingresos, obxectivos, interese xeral, etc...cunha breve descrición do proxecto a desenvolver segundo o ANEXO II. As entidades deberán acompañar este anexo con facturas proforma/orzamentos dos gastos a realizar.

- Declaración responsable, segundo modelo que figura no ANEXO III destas bases, acreditativa:

1. Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

2. De que a actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3. De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte a Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo.

4. De que a entidade non se encontra inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5. De que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6. De que a entidade lle ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2025.

Non obstante o anterior, o cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social acreditaranse mediante a presentación das correspondentes certificacións. A sinatura da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

- Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante.

- Copia dos estatutos ou documentos acreditativos da personalidade da entidade. Na copia dos estatutos deberá figurar o selo xustificativo da inscrición no rexistro público correspondente.

- Acreditar a súa inscrición, de ser o caso, no Rexistro de Fundacións do organismo competente.

- Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude (certificación da secretaría da entidade que acredite o número de persoas asociadas, acreditación documental da experiencia...).

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, enmende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, e de non cumprir dito requirimento, terase por desistido da súa solicitude, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Dado o carácter competitivo do procedemento, ADVÉRTESE EXPRESAMENTE que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable e puntuable; a non acreditación dos criterios para outorgar os puntos establecidos no artigo 8 “criterios de valoración e contía da subvención” implicará a asignación de 0 puntos no respectivo criterio puntuable.

Artigo 6. Procedemento de tramitación e resolución das subvencións.

“A Xunta de Goberno Local resérvase o exercicio das atribucións delegables seguintes:

m) a aprobación de bases (autorización do gasto) nos expedientes de subvencións tramitados en réxime de concorrencia competitiva e convenios reguladores das subvencións nominativas e a aprobación da actualización do Plan Estratéxico de Subvencións.”

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23, 24, 25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións coas seguintes precisións:

As solicitudes de subvencións que se formulen de acordo con estas Bases, unha vez anotadas no Rexistro xeral de entrada, seranlles remitidas ao Servizo de Desenvolvemento Local.

O procedemento instruírse no Servizo de Desenvolvemento Local (Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais) polo técnico ou técnica competente de dito servizo, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

O órgano competente para resolver é a Xunta de Goberno Local do Concello, competencia delegada nas/os Tenentas/es de Alcalde delegadas/os de Área e nas/os Concelleiras/os delegadas/os conforme acordo da Xunta de Goberno Local 40/607, de data 26/07/2023.

Comisión avaliadora:

Composición:

Presidente/a: Xefa do Servizo de Desenvolvemento Local ou persoal que a substitúa.

3 vogais: dos traballadores/as adscritos ao Servizo de Desenvolvemento Local e un técnico do Servizo de Intervención.

Secretario/a: Vicesecretario do Concello ou persoal que o substitúa.

Excepcionalmente o posto de secretario/a e vogal poderán ser acumulados na mesma persoa.

Funcións: Emitir o ditame no que concrete o resultado da avaliación efectuada á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instrutor do procedemento.

Órgano instrutor, funcións:

- Requirirle á entidade solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 25 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.

- Requirir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.

- Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o e efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de valoración de cada un dos expedientes.

O órgano instrutor, en función da puntuación obtida por cada expediente, formulará a proposta de resolución que será aprobada pola Xunta de Goberno Local, competencia delegada nas/os Tenentas/es de Alcalde delegadas/os de Área e nas/os Concelleiras/os delegadas/os conforme acordo da Xunta de Goberno local 40/607, e data 26/07/2023.

Prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento. Este será de SEIS MESES contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% do custo total da actividade. O 10 % do gasto proposto e orzamentado no proxecto presentado deberá ser financiado exclusivamente pola asociación ou entidade. No caso de que exista sobrefinanciamento, a/o beneficiaria/o deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

Artigo 7. Publicidade das subvencións concedidas

Procederá á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no artigo 8 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións e o contemplado no Título II da lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 8. Criterios de valoración e contía da subvención

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

Criterio de valoración

Puntuación

Polo número de persoas asociadas á entidade.

10-25:0,25 puntos

26-50:0,50 puntos

+50: 1 punto

Polo número de anos de experiencia e implantación en Lugo da entidade solicitante; outorgaranse 0,25 puntos por cada ano de experiencia.

2 puntos máximo

Se o proxecto fomenta a dixitalización, a innovación e a sostibilidade.

2 puntos

Se o proxecto leva asociadas actividades de formación que teñan como beneficiarios a 50 persoas ou máis.

3 puntos

Se o proxecto promove os valores culturais e tradicionais locais, propiciando a participación dos cidadáns a través da organización de eventos, feiras, mercadillos, congresos ou similares.

3 puntos

Se o proxecto favorece a participación activa de usuarios que teñan incidencia no entorno local, a través da realización de actividades de dinamización.

3 puntos

Puntuación máxima

14 puntos

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes, é necesario achar o valor punto. Excepcionalmente e de acordo co artigo 22.1 da LXS, prorratearase o importe total a repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as accións subvencionadas.

Coa finalidade de garantir a calidade dos proxectos subvencionados, unicamente serán considerados para a concesión de subvención, aqueles que alcancen unha puntuación mínima de 7 puntos no proceso de valoración, conforme aos criterios anteriores. Os proxectos que non alcancen dita puntuación mínima serán desestimados por considerarse que non alcanza os estándares mínimos de calidade esixidos.

Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 90% do custo total da acción para a que se solicita subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 10% restante é de obrigada asunción pola entidade e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas nacionais ou estranxeiras.

Para a xustificación dos criterios de valoración será necesario:

1.- O número de persoas asociadas á entidade, acreditarase mediante certificado expedido polo órgano competente da entidade que recolla o número de socios da mesma.

2.- O número de anos de experiencia e implantación en Lugo da entidade acreditarase documentalmente mediante dípticos, carteis, fotografías, información na prensa, redes sociais etc.

3.- Se o proxecto fomenta a dixitalización, a innovación ou a sostibilidade, acreditarase na memoria do proxecto a executar.

3.- Se o proxecto leva asociadas actividades de formación con máis de 50 beneficiarios acreditarase na memoria do proxecto a executar.

4.- Se o proxecto promove os valores culturais e tradicionais locais, propiciando a participación dos cidadáns a través da organización de eventos, feiras, mercadillos, congresos ou similares acreditarase na memoria do proxecto a executar.

5.- Se o proxecto favorece a participación activa do maior número de usuarios que teñan incidencia no entorno local, a través da realización de actividades de dinamización tales como networking acreditarase na memoria do proxecto a executar.

Artigo 9. Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación, e en todo caso dentro do ano 2025.

Serán subvencionables os gastos necesarios para o desenvolvemento do proxecto, tales como alugamentos, adquisición de material non inventariable, prestación de servizos, seguros, transporte, desprazamento, gastos de publicidade e imprenta, vestuario, e subministracións (gas, electricidade, teléfono). Todos eles deberán ser derivados estritamente e ir asociados exclusivamente ao proxecto á executar.

No caso de que se aporten facturas relativas a teléfono deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

Tamén serán subvencionables os gastos de persoal asociado exclusivamente ao proxecto á executar, ata un máximo do 40% do importe da subvención concedida.

Non serán subvencionables:

O aluguer dos locais destinados a sede da asociación.

Gastos de mantemento, conservación e pequenas reparacións de infraestruturas da asociación.

Mantemento e conservación de bens propios ou alugados.

Os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.

Os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.

Os gastos de degustación gastronómica de calquera tipo. En todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas.

As facturas e demais documentos de valor probatorio emitidos por membros da asociación que se subvenciona.

- Os impostos e taxas municipais.

Artigo 10. Xustificación do gasto e pagamento da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades beneficiarias deberán presentar a través dos medios electrónicos e nos termos dispostos no artigo 4, a seguinte documentación acreditativa da realización do proxecto.

a) Memoria explicativa o máis detallada posible da realización da totalidade da acción subvencionada (imprescindible relación de gastos e ingresos), segundo o modelo que figura nestas bases como o ANEXO IV. Nesta farase unha expresa mención dos resultados obtidos, e conterá unha relación de todos os gastos relativos ó proxecto subvencionado con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento.

Deberase acompañar, se é o caso, todo aquel material complementario que facilite a comprobación de que se levou a cabo a actividade, como exemplares dos folletos, carteis, libros, notas de prensa, vídeos, CD-ROM, etc., que se editasen ou publicasen en relación coa dita actividade.

O Concello de Lugo poderá requirir da/o beneficiaria/o a remisión dos xustificantes de gasto que se indiquen na dita relación, así como calquera outra documentación que se entenda xustificativa da actuación realizada.

b) No caso de que entre o orzamento presentado no seu día e que foi obxecto de avaliación para a concesión da subvención e o realmente executado existan diferenzas, deberase achegar un informe explicativo destas, segundo o modelo que figura nestas bases como ANEXO IV.

c) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.D 1619/212, do 30 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda.

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios: resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira. En todo caso estarase ao disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal que establece que “non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional, cun importe igual ou superior a 1000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira”.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares, xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores das mesmas. En todo caso deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente.

d) Declaración responsable; segundo o modelo que figura no ANEXO V destas bases, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte a Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

Non foron nin serán presentadas - na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo - como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

- Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondentes ao pasado exercicio económico, así como todas as variacións que se produciron na súa xunta directiva (este suposto só para as asociacións).

e) Certificación acreditativa de atoparse ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Admon Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente (En canto ás obrigas tributarias fronte ao Concello de Lugo, realizaranse de oficio trala autorización segundo o anexo I).

f) No caso de solicitar e/ou recibir outras subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da mesma finalidade da actividade que se subvenciona, copia da relación de gastos presentada na entidade correspondente (con xustificante de presentación) que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a aportación de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, enmende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no caso de que non cumpra o dito requirimento, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso de aprobación da autorización e disposición de gasto e a existencia de reintegro, de ser o caso.

Artigo 11. Contía para xustificar

A entidade beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida mais o 10 % do custo total do proxecto presentado e orzamentado no seu día, enténdese que a existencia de xustificación de gastos relativo ó 10%, refírese ó 10% do orzamento da actividade presentada con independencia do gasto efectivo total devengado, por canto ten incidencia na valoración da actividade. As entidades beneficiarias deben presentar no momento da xustificación unha relación totalizada de gastos e ingresos da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanzamento da mesma.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir na contía non xustificada, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada e, polo tanto, a perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

Artigo 12. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias

Serán obrigas das asociacións ou entidades beneficiarias das axudas as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións e ademais:

- A presentación da programación das actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etc., deberán figurar en idioma galego.

- Non modificar a programación das actividades que se subvencionen sen coñecemento e autorización expresa e previa do Concello.

- Facer constar na publicidade, difusión, publicacións, etc., que se xeren que as actividades están subvencionadas polo Concello de Lugo. Para estes efectos engadirase o logotipo do Concello de Lugo en carteis, dípticos, folletos...

- Comunicarlle ao Concello a realización da actividade para o coñecemento e, se é o caso, participación de responsables municipais na presentación da actividade.

- Comunicarlle ao Concello de Lugo o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondente ao ano 2025..

- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

Artigo 13. Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do 30 de novembro de 2025. Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación; pero que ésta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráse e concederáse un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

O pagamento da subvencións realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

Artigo 14. Réxime de infraccións e sancións

1.- Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.- As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.- A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- O 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.

- O 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

Artigo 15. ANEXOS NORMALIZADOS: I, II, III, IV e V.

Para solicitar subvención deberán presentar os anexos I, II e III:

ANEXO I.- Modelo normalizado de solicitude de subvención.

ANEXO II.- Modelo normalizado coa descrición do proxecto a subvencionar que se vai desenvolver durante o exercicio económico de 2025.

ANEXO III.- Modelo normalizado de declaración responsable.

Para xustificar a subvención, deberán presentar os ANEXOS IV e V :

ANEXO IV.- Modelo normalizado de memoria de xustificación do proxecto que se levou a cabo durante o exercicio 2025.

ANEXO V.- Modelo normalizado de declaración responsable.

*Os Anexos/ formularios anteriormente indicados, publicaranse na web municipal (www.concellodelugo.gal), para que poidan ser cubertos polos interesados.

Lugo, 14 de agosto de 2025.- O Alcalde en funcións, D. Rubén Arroxo Fernández.

R. 2369

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) – XOVE*Anuncio*

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2025-1496 DO 20 DE AGOSTO DE 2025 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO XI CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MEDIOAMBIENTAL: «XOVE, A SÚA COSTA E O SEU MAR».

BDNS (Identif.): 852432

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/852432>)

Primeiro. Beneficiarios, requisitos e prazo de presentación de solicitudes de participación.

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquera persoa.

Toda a documentación será presentada nun sobre pechado consignando no seu exterior XI Concurso de fotografía medioambiental “Xove, a súa costa e o seu mar”.

A documentación a presentar será a seguinte:

- Ficha de inscrición e declaración de autoría establecidas ao efecto.
- Copia do N.I.F. do concursante.
- CD ou pendrive que conteña as imaxes dixitais.

O sobre deberá presentarse ata o día 30 de setembro de 2025, e poderase presentar tanto no Rexistro de Entrada de Documentos (Casa do Concello, camiño real, S/N; 27870, Xove), coma mediante envío por correo postal ordinario. Neste último caso, deberase facer constar no sobre pola Oficina de Correos a data de presentación, que será igualmente como máximo, o día 30 de setembro de 2025.

Segundo. Obxecto

Os premios do XI concurso de fotografía medioambiental organizado polo Concello de Xove teñen por obxecto incentivar a participación cidadá na protección do medio ambiente mediante a imaxe e a súa reflexión.

Terceiro. Bases reguladoras

Bases aprobadas no marco da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove publicadas no B.O.P. núm. 136 de 16 de xuño de 2025 (<https://xove.sedelectronica.gal/transparency/676b7e81-659d-4cf9-9e3b-9b3918520218/>)

Cuarto. Contía dos premios

Haberá unha única categoría, cos seguintes premios:

Primeiro premio: 120 euros

Segundo premio: 100 euros

Terceiro premio: 90 euros

Cuarto premio: 75 euros

Quinto premio: 65 euros

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co disposto no artigo 75.3 do RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, non existe obriga de practicar retención por ningún dos anteriores premios, ao ser importes inferiores a 300,00 euros.

A forma de pago realizarase a través de transferencia en conta bancaria.

Quinto. Outra información para os beneficiarios dos premios

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Sexta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, non será obrigado subministrar por parte do Concello información das resolucións de concesión dos premios nin do pago dos

mesmos sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario/a non supere a contía total de 100,00 euros.

Xove, 20 de agosto de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2399
